

ACTA NUMERO TRECE DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA VINTE E DOUS DE XULLO DE DOUS MIL OITO : - - - - -

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Angel Casal Moldes
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José-Ramón López Fernández
- D. Manuel Lores Puente
- D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR :

D. José – Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da Casa Consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de Xullo de dous mil oito. Baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as sres/as. Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTA ANTERIOR:

162 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 19 DE XUÑO DE 2008 : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ó acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

163 : PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2008. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

""2.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2008. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL.- A presidenta intervéñen dicindo que a documentación remitida coa orde do día vai a ser explicada polo interventor, de cada un dos documentos que o integran, sendo que o orzamento xeral para o ano 2008 ascende a 65.038.380,11 euros (despois de eliminacións internas) en termos legais de consolidación.

O mesmo está integrado polos seguintes orzamentos separados:

a. Entidade Local:	43.223.321,21
b. O. A. "Terra Sanxenxo":	5.593.030,17
c. Previsión sociedade mercantil Nauta:	12.546.096,85
d. Previsión sociedade mercantil Ínsula:	10.996.330,79
e. O.A. Xerencia de urbanismo:	5.278.394,95
SUMATORIO PROVISORIO :	77.637.173,97
f. Eliminacións internas:	- 12.598.793,86
SUMATORIO DEFINITIVO :	65.038.380,11

Ao orzamento da Entidade Local e dos seus organismos autónomos únense como documentos os seguintes:

- a. Memoria explicativa da alcaldía – presidencia
- b. Informe económico - financeiro
- c. Anexo sobre o estado e evolución da débeda financeira
- d. Informe da intervención xeral
- e. Bases de execución do orzamento
- f. Anexo de persoal
- g. Anexo de investimentos
- h. Liquidacións dos anos 2006 e 2007 e avance do 2008
- i. Estado de gastos e ingresos
- k. Plan cuatrienal de investimentos e financiamento

Cabe destacar neste orzamento que a consignación da previsión dos ingresos que se prevén liquidar con carácter de ordinarios, dedúcese que se atopan debidamente xustificadas no informe económico-financeiro da presidencia e os adicionais asinados polo xerente de urbanismo e a tesourería municipal e están en consonancia cos resultados da liquidación do ano 2007.

Con referencia ao informe adicional da xerencia este ten unha base manifesta de xustificación (en canto os ingresos ordinarios de licenzas de I.C.I.O.).

Os ingresos de taxa de obras e licenzas de I.C.I.O. mántense nos niveis liquidados no ano 2007, o que se debe ter en conta dada a situación da crise económica.

En canto aos gastos ordinarios cúbreanse os preferentes de custe salarial e os de tracto sucesivo de contratos en vigor e/ou concesións administrativas.

Tamen se cubre o servizo da débeda vixente a 31.12.07 e o preciso para a nova operación prevista, que ascende á cantidade de 2.211.719,46 euros. A mesma supón que o orzamento entra en **inestabilidade orzamentaria** de acordo á norma vixente, debéndose presentar un plan económico-financiero perante o Pleno, nos prazos previstos na lexislación de estabilidade orzamentaria. Non obstante, os feitos de non estar a entidade integrada no ámbito do artigo 111 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, e dispor de aforro neto singular e consolidado positivo, considerando a nova operación en proxección anual, e non superar o 110 % dos recursos ordinarios liquidados de 2007, con respecto ao endebedamento consolidado como suma do capital vivo pola débeda a corto e longo prazo, implican a non suxeición á autorización previa da operación pola administración de tutela competente, segundo o artigo 53 do R.D.L. 2 /2004 de 5 de marzo. Precísase previo informe de intervención e a operación debe ser suxeita ao Pleno se supera o 10 % dos recursos ordinarios presupuestados (art. 52.2 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo).

En canto aos orzamentos separados, polo que se refire a Nauta Sanxenxo, S.L., é axustado á súa natureza previsora e analizados os documentos que o integran infórmase favorablemente.

Polo que se refire a Ínsula Sanxenxo, S.L., é axustado a súa natureza previsora e analizados os documentos que a integran infórmase favorablemente.

Nas dúas sociedades o endebedamento, de ser solicitado, previa autorización plenaria, non consolida, aos efectos do artigo 53 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

Cúmprase as previsións en materia de persoal da Lei de orzamentos xerais do Estado, coas especificacións referidas nas bases de execución do orzamento.

Infórmase favorablemente as 51 bases de execución do orzamento e as disposicións adicionais, adaptándose ao contido base da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como á Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público, que inclúe as sociedades mercantís locais.

Intervén a alcaldesa para manifestar que nestes intreos estase a confeccionar a acta da mesa xeral de negociación do orzamento celebrada o día 9 de xullo de 2008 e que, unha vez rematada, mediante correo electrónico, se lle dará traslado da mesma aos distintos grupos políticos.

Cúmprase as previsións do R.D. 500/1990 de 20 de abril.

De acordo ao disposto na Lei 18/2001, de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, modificada pola Lei orgánica 3/2006, de 26 de maio (complementaria) e refundida polo R.D.L., 2/2007 de 28 de decembro, e desenvolvida regulamentariamente para as entidades locais polo R.D. 1463/2007 de 23 de novembro, o actual orzamento incumpe os obxectivos de estabilidade orzamentaria ao ter un endebedamento previsto superior ás amortizacións practicadas, segundo dispón o artigo 5.2 da norma, e o artigo 15.1. O mencionado incumprimento é aplicable á entidade local en exclusiva. O mencionado establécese en virtude de informe reservado a que se refire o artigo 16.2 do Real decreto, sen prexuízo da súa posterior extensión.

Polo tanto é preciso realizar un plan económico-financiero ao que se refiren os artigos 19 e seguintes do R.D. citado, que deberá elevarse perante o Pleno nun prazo máximo de 3 meses desde a aprobación do orzamento. Ao non tratarse dunha entidade das citadas no artigo 111 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo o incumprimento citado non exclúe o endebedamento nin require exercicio de tutela administrativa no marco do artigo 53 da norma citada.

A presidenta pregunta aos demais grupos se teñen algunha proposta ou algo que comentar. Ao non producirse debate, somete a votación a documentación que integra o orzamento consolidado para o ano 2008 co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo municipal do P.P.)

Votos en contra: 3 (Grupo municipal do B.N.G.)

Votos pola abstención: 3 (Grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo municipal mixto)

En consecuencia a comisión, por maioría, propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o orzamento xeral consolidado do concello de Sanxenxo para o ano 2008 que integra o da propia entidade local, o organismo autónomo Terra de Sanxenxo, a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo, S.L., a previsión da sociedade mercantil Ínsula e o do organismo autónomo Xerencia de urbanismo, que ascende, en termos legais de consolidación, á cantidade de 65.038.380,11 euros.

SEGUNDO: Aprobar o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo ao disposto no artigo 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de réxime local.

TERCEIRO: Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se insertará no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do concello, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.””

De seguido a Concelleira de Economía e Facenda **D^a. Susana Fernández Trelles**, tomou a palabra para dar lectura o seguinte texto :

“”””El importe global del presupuesto general para el año 2008 del Concello de Sanxenxo asciende a 77.637.173,97 euros.

De ellos, 12.598.793,86 € corresponden a eliminaciones internas, por lo que la cuantía consolidada es de 65.038.380.

El presupuesto general del Concello de Sanxenxo está integrado por:

- El presupuesto de la ENTIDAD LOCAL
- El presupuesto de sus organismos autónomos municipales (Terra Sanxenxo y Xerencia de Urbanismo)
- El presupuesto de las sociedades mercantiles municipales (Nauta Sanxenxo S.L. e Ínsula Sanxenxo S.L.)

La sociedad municipal Turismo de Sanxenxo, de reciente creación, no consolida en los presupuestos al no estar participada al 100% por la Administración pública en sus presupuestos, siendo no obstante una sociedad dependiente al tener el Concello un capital social superior al 50%.

A) El presupuesto de la **ENTIDAD LOCAL** asciende a 43.223.321,21 euros:

-Los ingresos ordinarios previstos en la entidad local son 20.172.060,13€

-Los gastos ordinarios ascienden a 18.105.547,26 €

-En consecuencia el ahorro bruto presupuestado en la entidad local, es decir ingresos corrientes menos gastos corrientes, es de 2.066.512,87 €

-La entidad local destina a inversiones la cifra de 21.473.706,83 €, lo que supone 1.247,31 euros por habitante. Dentro del capítulo de inversiones hay que señalar que parte de ellas son continuación de las asumidas en anteriores anualidades ya que tienen una proyección plurianual que afecta a varios ejercicios. En este sentido, los proyectos más destacados son:

- Construcción de dos aparcamientos subterráneos
- Transferencia a la Xunta de Galicia de 1.500.000 euros para el enlace de la Autovía do Salnés con el parque empresarial y la nueva carretera a Vilalonga.
- Aportación municipal de 711.719,46 euros para la carretera que une el Parque Empresarial con Vilalonga.
- Transferencia de 556.000 euros a la Deputación de Pontevedra para el proyecto de la carretera de Bordóns, Nanín, Dorrón, en actual ejecución.
- Aportaciones municipales al plan director de abastecimiento y saneamiento por importe de 865.000 euros.
- Aportación de la anualidad de 1.283.000 euros para el proyecto de Humanización del casco urbano de Portonovo (actualmente en ejecución).
- Continuación de los proyectos del Campo Municipal de Fútbol de Vilalonga (ya finalizado), de Noalla (que se terminará en el presente ejercicio) y la Ciudad Deportiva de Sanxenxo cuyas obras se retomarán una vez se solventen los permisos sectoriales.
- La construcción de la guardería infantil en Revel (Vilalonga) y otra guardería en Baltar (Portonovo), así como el reinicio del centro socio-cultural del Revel.
- Además, se prevén cantidades significativas para planes directores de infraestructuras y mejora de la red viaria, alumbrado público, parques y jardines, equipamientos culturales, entre otros.

En cuanto al plan director de abastecimiento y saneamiento se incorporan los créditos ya consignados en 2007, al año 2008 y sucesivos, al reconvertirse el plan en plurianual por la afectación de la nueva normativa y legislación urbanística.

Este es el motivo esencial por el que se produce un grado de ejecución global del 34,51% del presupuesto de 2007. También influyó la no realización de otros proyectos de inversión ya sea por su replanteo o por su paralización a la espera de obtener los permisos ambientales y sectoriales o análogos, como ocurre con el plan de equipamientos de O Revel, el mercado de abastos de Sanxenxo, la Ciudad Deportiva.

B) El presupuesto del **O. A. TERRA DE SANXENXO** asciende a 5.593.030,17. Hay que destacar la creación de nuevos servicios para los campos de fútbol municipales y otras infraestructuras sociales y culturales. También se procede a la creación de nuevas plazas como la de coordinador de artes plásticas, auxiliar de biblioteca, dinamizador juvenil, etc.

C) El presupuesto del **O. A. XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO** es de 5.278.394,95 euros.

D) El estado de gastos e ingresos de la sociedad mercantil **ÍNSULA SANXENXO** asciende a 10.996.330,79 euros, en el cual se prevé la ejecución de tres proyectos inmobiliarios por importe de 10.569.901,74 euros, cuya ejecución comenzará en este año 2008.

E) El estado de gastos e ingresos de la sociedad mercantil **NAUTA** asciende a 12.546.096,85 destacando como proyectos de inversión la remodelación de la Praza do Mar (3.000.000 euros) y la ampliación de las plazas de amarre del puerto (6.000.000 euros).

Por otro lado, el **endeudamiento consolidable** a 31 de diciembre de 2007 era del 73,14 % (según el artículo 53 de la Ley Reguladora de Haciendas Locales). Actualmente con fecha de 30 de junio de 2008, dicho endeudamiento representa el 67,48%. Según las normas del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SECNR) el endeudamiento real a 31 de diciembre de 2008 se reducirá a un 44,26% siendo el del pasado año de 49,57% a 31 de diciembre de 2007.

Podemos decir que este Concello dispone de la capacidad financiera necesaria para cubrir todos los proyectos en curso de ejecución presupuestados, sin necesidad de tener que recurrir a la venta de los bienes que integran el patrimonio público del suelo en la actual situación de crisis en el sector inmobiliario”””””.

O Sr. Rodríguez Lorenzo concelleiro do Grupo Municipal Mixto solicitou, por adiantado, que a súa intervención fora analizada en positivo, engadindo que este orzamento era moito máis real que o do ano pasado, ó pasar de 114 millóns de euros a 65 millóns de euros (é un “*anaquiño*” do de 2007). Dixo que tivera problemas de tipo persoal para adicarse ó estudo polo miúdo do documento, aínda que da análise global podía manifestar que estaba de acordo coa proposta da realización de obras principiadas, que había que rematar dunha vez por todas. Tamén indicou que podería traer cadros comparativos con datos dos últimos exercicios pero que isto dificilmente sería entendido pola poboación. Dixo tamén que lle preocupaba o futuro do concello, pois aínda que non se poidera falar de “*desfeita*” había que pensar nos 14 millóns pendentos de amortización da débeda. Salianteu que o interventor xa fala de inestabilidade orzamentaria, confiando que dita inestabilidade non motive a venda de patrimonio municipal ou a privatización de máis servizos. Manifestou, así mesmo, que se botaban en falla nos orzamentos algunhas actuacións xa tratadas en varios plenos, como por exemplo o investimento do club de piragüismo de Portonovo, aínda que ninguén pode estar en desacordo cos investimentos previstos no documentos contable. Rematou dicindo que ía absterse na votación e, polo tanto, non ía votar en contra do documento xa que polas razóns que fosen non presentou alternativas ou emendas, se ben manifestou que era responsabilidade do grupo de goberno a busca de solucións de consenso coa oposición nesta materia orzamentaria.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que tiña a esperanza, logo da rolda de prensa celebrada polo goberno local, de que tivésemos uns orzamentos realistas, que ían ter en conta o desenvolvemento sostible, en contra dos criterios seguidos nos últimos anos, máis reais e baseados nas prioridades dos veciños. Engadiu que, aínda que ninguén podía estar en contra dos investimentos propostos, estaba decepcionada, lembrándolle á alcaldesa aquela frase que dixo a presidenta de que “*éramos moi ricos*” e que agora se demostra que non é certa. Indicou que para o PSOE os orzamentos amosaban unha xestión ineficaz, con actuacións que pasaban de ano en ano sen rematar nunca. Afirmou que o 50 % do plan cuatrienal de investimentos ía destinado a aparcadoiros e ó enlace do parque empresarial de Nantes, salientando que só 537.000 euros de dito plan veñen doutras administracións públicas (a Deputación de Pontevedra) e criticou que non se fagan xestións para a busca de recursos noutros organismos. Dixo tamén que non se contemplaban investimentos nas casas de cultura de Bordóns e de Adina, e tampouco nos colexios. Tamén manifestou que só estaban previstos investimentos en materia turística para publicidade, pero non se contemplaban investimentos para desestacionalizar o turismo (incluso falou da posibilidade da construción dun palacio de congresos); e que non había aposta algunha para a creación de emprego a través dunha escola obradoiro. Indicou que estaba ben investir en parques, xardíns, muíños ou lavadoiros, pero recomendoulle ós membros do equipo de goberno que visiten algún destes espazos que se atopaban en situación lamentable por falla de mantemento. Criticou que nos orzamentos había unha previsión de pequenos parches, pero que no documento se apreciaba “*un poquito por aquí y un poquito por allá*” trampeando as cousas. Rematou dicindo que había lugares onde vai “*unha bombilla e pouco máis*” e anunciou o voto negativo do seu grupo.

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do B.N.G., manifestou que os orzamentos de Sanxenxo, eran un tema moi manido perante os últimos anos, pois o goberno do P.P. desvirtuounos por completo. Engadiu que tiña a esperanza de que coa crise económica as cifras se achegaran á realidade, pero apreciaba que “*nin con esas*” reaccionaba o goberno local, converténdose o orzamento nun tema banal, pois as cifras reais acadaban uns 30 millóns de euros, debéndose eliminar os ingresos do urbanismo. Criticou ó goberno local por desvirtuar un documento irreal dende que Telmo Martín foi alcalde, e que seguía agora os actuais gobernantes. Tras dicir que o goberno local “*loa as bondades e cala as miserias*”, engadiu que aínda aparecían na partida de gastos o vertedoiro do Rapadiño, co que se amosaba que o orzamento é un mero trámite sen máis e que non hai gañas de buscar recursos en outras administracións nin documentos sólidos que garantan os ingresos. Manifestou que a política de ingresos polo urbanismo estaba esgotada, cualificándoa de política “*de ladrillo*”, e que co informe da intervención houbo que paralizar proxectos en anteriores orzamentos onde non había convenios ou financiación prevista. Criticou que así só se executaba un 30 % das previsións de investimentos, e así falábase de actuacións en materia de aparcadoiros pero que aínda non se sabía onde ían ir. Dixo que ó goberno local dáballe igual 65 millóns que 77 millóns de euros porque só lle importaba un titular na prensa durante uns días. Indicou tamén que non había control sobre os gastos, como por exemplo os de persoal, denunciando que se gastaba “*con alegría*” e que o mesmo daba reflectir unha cifra como outra. Preguntou que coa dependencia da construción e do ladrillo como se ía solucionar a situación económica cando deixara de haber estes ingresos atípicos e matizou que escoitando á concelleira de educación, todo parecía unha marabilla, pero o certo íanse pedir máis créditos. Rematou dicindo que pola falla de seriedade de imaxinación e dunha política fiscal axeitada, o voto do BNG sería negativo.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do P.P., manifestou que o traballo da oposición resumíase no texto do acta da comisión informativa de contas, que analizou o presuposto, xa que, antes da votación, figura o seguinte: *“a presidenta pregunta ós demais grupos se teñen algunha proposta ou algo que comentar. O non producirse debate somete a votación a documentación que integra o orzamento consolidado para o ano 2008...”* engadindo que os grupos da oposición non traballaban nas comisións nada de nada. Indicou que o orzamento fora elaborado de forma minuciosa, seria e concienzuda, tenda en conta a crise, ou desaceleración ou outros conceptos citados polo goberno da nación ou polo ministro de economía. Anunciou que o concello non ía hipotecar o futuro e xustificou a tardanza na presentación do documento na crise económica e noutros asuntos pendente de resolver, como o enlace co parque empresarial. Dixo que era un documento realista no que se prevía o investimento de 1.247,32 euros por habitante, e que non ían venderse parcela percibidas en concepto de aproveitamentos urbanísticos (apelou a que eran propiedades do patrimonio de todos que non se poden malvender ata que a crise se reconduzca). Salientou que se mantén a carga fiscal, mantendo tamén os servizos e as políticas sociais dos últimos anos. Neste último apartado dixo que o O.A. Terra de Sanxenxo aumentaba en 340.000 euros o seu orzamento para potenciar a cultura e o deporte, apostándose pola calidade de vida dos veciños e por un urbanismo sostible. Logo de salientar a falla de propostas da oposición, acusou á Sra. Aguíñ de que ela se encargaba na Xunta de que non se concederan cantidades a Sanxenxo e rematou dicindo que a oposición sempre busca excusas para non aprobar os orzamentos nos últimos anos, aínda que houbo documentos de varios tipos nos sucesivos exercicios.

O Sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que o Sr. Casal sacaba de contexto un parágrafo da comisión informativa para desvirtuar a situación. Indicou que un orzamento dun concello é como o dunha familia (*“é o que hai”* dixo) e as diferenzas tiñan que ver co emprego dos recursos. Quixo deixar claro que en Sanxenxo se estaba a facer de todo menos un urbanismo sostible e que os 1.247 euros por habitante tampouco lle dicían moito, porque podían ser, por exemplo, 5.000, pero que o importante era coñecer en onde se aplicaban. Recoñeceu que había intencións coma a dos aparcadoiros que as veces non dependían das decisións do equipo de goberno. Criticou tamén os gastos de persoal e que a plantilla de persoal ampliouse nos últimos tempos en moitas persoas, chegando a dicir que incluso o número de policía locais estaba moi por encima da ratio legal establecida por habitante. Manifestou tamén que unha obra podía facerse un ano o outro pero que o importante era ter unha economía ordenada. Recomendou precaución pola crise económica con subas constantes do euribor e rematou dicindo que como non presentara emendas ou propostas polas súas ocupacións, non se sentía lexitimado para opoñerse ó documento.

Á Sra. Aguíñ Pombo estrañoulle escoitar ó Sr. Casal que se estaba a facer un urbanismo sostible en Sanxenxo, engadindo que en política non valía todo. Solicitoulle ó concelleiro do P.P. que demostrara con papeis as súas acusacións de que trataba de influír na Xunta para que Sanxenxo non tivera axudas económicas. Indicou que tódolos concelleiros eran coherentes e sensatos, independentemente da súa ideoloxía, e que ningún podía entender que se boicoteara a esta vila. Criticou que coas afirmacións do Sr. Casal desprestíxase a política diante dos cidadáns. Tamén dixo que a difícil situación económica xa estaba anunciada polo *“boom”* inmobiliario, extrañándose que os ingresos por licencias urbanísticas en 2008 sexan iguais que en 2007 e que non estean previstos ingresos por apertura de establecementos. Tamén dixo que había investimentos en infraestruturas, pero que estes non se priorizaban ben. Criticou que non houbera investimentos nas casas de cultura, no fomento do comercio, do turismo e do emprego.

Alabou o esforzo económico que se fai na potenciación da cultura pero lembrou que son prioritarios os investimentos nos colexios ou nas garderías.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que estaba confuso e que xa non sabía nin a quen dirixirse. Indicou que o grupo de goberno non presentou un orzamento na comisión senón un informe da intervención sobre o documento, engadindo que el nunca discutiu (nin discutirá) cos funcionarios as cifras económicas. Indicou que nun concello normal os orzamentos son presentados polos políticos e así sería distinto se o borrador fora presentado, por exemplo, pola concelleira de economía e logo se promoveran os acordos. Manifestou tamén que os debates en comisións non serven no Concello de Sanxenxo absolutamente para nada, matizando que durante o ano se facían propostas pero que era inútil facelo na comisión informativa. Criticou que a monetarización de aproveitamentos urbanísticos prevista no orzamento era realmente unha venda de patrimonio, e cualificou os orzamentos como de *“papel mollado”* pois o goberno local coñecía que neste ano 2008 non se ían investir as cifras da estrada de Vilalonga nin, por exemplo, as dos aparcadoiros, que terían que incluírse nos orzamentos do ano que ven. Tamén criticou que non estiveran previstas as achegas municipais para a construción dos colexios de Dorrón e Vilalonga. Logo de dicir que era imposible chegar a acordos co actual goberno, queixouse *“da tremenda negociación”* realizada pola alcaldesa que primeiro dixo que o enlace ó parque empresarial de Nantes non ía custar nada ó concello e agora había que achegar un millón e medio de euros cos correspondentes xuros porque estaba previsto un préstamo, e iso había que dicirlllo ós veciños. Rematou dicindo que era absurdo que Terra de Sanxenxo tivera un orzamento de 5 millóns de euros, se 4,5 millóns pasan directamente do concello, e que para iso non facía falta este organismo, que ten un só funcionario e moitos traballadores temporais.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non se podían escoitar mais insensateces. Engadiu que os orzamentos estaban elaborados con cautela, criticando a non presentación de emendas por parte da oposición (non houbo capacidade para facelo, dixo). Indicou que se houbera propostas podía facerse outra comisión aceptando algo ou incluso unha comisión de voceiros. Criticou o feito de que a oposición, as veces, íase das comisións sen tratar os asuntos. Manifestou que a situación do concello non é mala, pois con 17.000 e pico habitantes é salientable ter un orzamento coas cifras previstas no documento. Anunciou que ía estar coa FEGAMP (ten un presidente que é alcalde socialista) para tratar de conseguir recursos para os concellos. Criticou as afirmacións realizadas polo Sr. Fernández Lores na prensa, xa que dixerá que para a axuda a domicilio só ían no orzamento 247 euros, xa que esa cantidade non chegaría *“nin para pagarlle os guantes ás oito traballadoras contratadas”*. Tamén criticou ó concelleiro nacionalista por afirmar que se ía solicitar un préstamo de un millón e medio de euros para o enlace co parque empresarial, cando a lexislación prohibe que se destinen os fondos obtidos dos préstamos a actuacións doutras administracións públicas. Rematou dicíndolle ó Sr. Fernández Lores que non ten credibilidade e que non coñece, xunto cos restantes membros da oposición, a realidade do concello; manifestando que os únicos que *“pelexan”* polos intereses de Sanxenxo son os concelleiros do P.P.

Sometida a proposta que figura no ditame a votación acadouse o seguinte resultado :

Votos a favor : nove (Grupo Municipal do P.P.)
 Votos en contra : sete (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)
 Abstencións : unha (Grupo Municipal Mixto)

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Aprobar o Orzamento Xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2008 que integra o da propia Entidade Local, o “Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo”, a previsión da “Sociedade Mercantil Nauta Sanxenxo, S.L.”, a previsión da “Sociedade Mercantil Ínsula” e o do “Organismo Autónomo Xerencia de Urbanismo”, que ascende, en termos legais de consolidación, á cantidade de 65.038.380,11 euros.

Dito Orzamento ten o seguinte resumo :

ESTADO DE INGRESOS

ENTIDADE LOCAL		OA TERRA	OA XER.	INSULA	NAUTA	TOTAL	ELIMIN.	CONS. PRES.
CAP.	IMPORTE							
I.	6.889.200,00	--	--	--	--	6.889.200,00	--	6.889.200,00
II.	4.400.000,00	--	--	--	--	4.400.000,00	--	4.400.000,00
III.	4.454.249,45	493.019,75	886.373,64	--	2.940.500,00	8.774.142,84	--	8.774.142,84
IV.	4.405.037,68	5.099.510,42	68.611,42	125.000,00	25.000,00	9.723.159,52	4.643.611,42	5.079.548,10
V.	23.573,00	500,00	25.000,00	--	100,00	49.173,00	--	49.173,00
VI.	325.000,00	--	--	--	--	325.000,00	--	325.000,00
VII.	20.514.541,62	--	4.298.409,89	--	6.586.996,85	31.399.948,36	7.955.182,44	23.444.765,92
VIII.	--	--	--	--	--	--	--	--
IX.	2.211.719,46	--	--	10.871.330,79	2.993.500,00	16.076.550,25	--	16.076.550,25
TOTAL	43.223.321,21	5.593.030,17	5.278.394,95	10.996.330,79	12.546.096,85	77.637.173,97	12.598.793,86	65.038.380,11

ESTADO DE GASTOS

ENTIDADE LOCAL		OA TERRA	OA XER.	INSULA	NAUTA	TOTAL	ELIMIN.	CONS. PRES.
CAP.	IMPORTE							
I.	5.111.283,76	1.681.692,29	757.292,42	86.729,05	602.000,00	8.238.997,52	--	8.238.997,52
II.	7.246.423,09	3.402.242,23	222.692,64	339.700,00	942.000,00	12.153.057,96	--	12.153.057,96
III.	884.125,96	--	--	--	175.100,00	1.059.225,96	--	1.059.225,96
IV.	4.863.714,45	407.900,00	--	--	--	5.271.614,45	4.643.611,42	628.003,03
VI.	21.473.706,83	50.195,65	--	10.569.901,74	9.826.996,85	41.920.801,07	--	41.920.801,07
VII.	2.771.332,01	51.000,00	4.298.409,89	--	--	7.120.741,90	7.955.182,44	834.440,54
VIII.	--	--	--	--	775.000,00	775.000,00	--	775.000,00
IX.	872.735,11	--	--	--	225.000,00	1.097.735,11	--	1.097.735,11
TOTAL	43.223.321,21	5.593.030,17	5.278.394,95	10.996.330,79	12.546.096,85	77.637.173,97	12.598.793,86	65.038.380,11

SEGUNDO : Aprobar o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo ao disposto no artigo 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

TERCEIRO : Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se insertará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE:**